

PATRIMONIO MINEIRO DA RIBEIRA SACRA


MARCO DO PROXECTO E RELEVANCIA

Plan Proxecta Patrimonio Etnográfico da Ribeira Sacra 2024-2025. Estudo sobre o patrimonio mineiro na Ribeira Sacra (minas de Freixo). **Traballo realizado polo alumnado de 3ºESO do IES Río Cabe** (Monforte de Lemos. Lugo).



SITUACIÓN

Freixo (Marcelle, Monforte de Lemos, capital da Ribeira Sacra)



OBXECTIVOS

- Coñecer o patrimonio cultural e paisaxístico da Ribeira Sacra
- Valorar a contorna na que vivimos
- Comprender a importancia que ten para a Ribeira Sacra a súa declaración como BIC e poder chegar ser candidata a Patrimonio da Humanidade

METODOLOXÍA

- Activa e participativa
- Traballo individual e cooperativo combinados
- Formación de grupos de entre 4 ou 6 compoñentes



INSTRUMENTOS

- Correo electrónico
- Aula virtual
- Enquisas
- Charlas
- Entrevistas
- Excursións
- Exposicións de traballos

ENQUISAS

Sobre as minas de Freixo, alumnado de 3º de ESO fixo enquisas a outros cursos e ao profesorado, e analizou os resultados



ENTREVISTA

A EDGAR AMANDO CLOOS, que nos falou do seu avó F. W. CLOOS

Vídeo da entrevista



EXCURSIÓN





CHARLAS

Charla de MANUEL LARA sobre a actividade industrial en Galicia dende o S. XVIII

Vídeo da charla



EXPOSICIÓN DO ALUMNADO



ACÁDANSE CON ÉXITO OS OBXECTIVOS!

- Coñecéronse termos como BIC, UNESCO, Patrimonio da Humanidade, ICOMOS, mina, martelo neumático, catas, pozo mineiro, bocamina, BUXA, etc.
- Apóíase a candidatura da Ribeira Sacra a ser Patrimonio da Humanidade a partir da difusión do seu Patrimonio Mineiro (Minas de Freixo)
- Empregáronse ferramentas TIC
- Comprendeuse a importancia que ten para a Ribeira Sacra a súa declaración como BIC e poder chegar a ser candidata a Patrimonio da Humanidade
- Como produto final, elaborouse un póster e un vídeo no que os alumnos/as explican o que aprenderon sobre as minas de Freixo na Ribeira Sacra.

Vídeo coa explicación do alumnado



INTERESE, COÑECEMENTO COMPARTIDO E SATISFACCIÓN

A totalidade do alumnado: amosou interese pola actividade; realizou satisfactoriamente o traballo final e comprendeu a importancia das minas de Freixo como expresión dunha sociedade e como parte do noso patrimonio mineiro.

Practicamente a totalidade do alumnado e gran parte do profesorado descoñecía esta parte tan importante da nosa contorna. Por iso, unha vez máis, destacamos como logro deste proxecto poder coñecer un pouco máis o ámbito no que vivimos, recoñecendo a importancia de saber valoralo, respectalo e coidalo.


- Recoñeceuse a importancia das Minas de Freixo como elemento etnográfico para coñecer o noso pasado.



Federico Guillermo Closs, (enxeñeiro alemán que dirixiu a explotación destas minas) coas súas fillas.



Funicular para o transporte do mineral dende Freixo ata a estación ferroviaria de Canaval, onde se cargaba en vagonetas con dirección ao porto de Rande, Vigo, e dende aí a Alemaña.



Moega de descarga no cargadoiro portuario de Rande.



Lugar onde se facían as catas



Bocaminas, pozos e túneis



Situación actual: de abandono. Males e sinais que indican o perigo de dito abandono. Foto: ruínas do cargadoiro, sala de trituración e lavado do mineral

AGRADECEMENTOS

Edgar Amando Cloos, neto de Federico Guillermo Cloos e Presidente da Audiencia Provincial de Lugo ata a súa xubilación en 2023

Manuel Lara, enxeñeiro e Presidente da Asociación BUXA

Fotos: JR Casanova, Asociación Buxa (Manuel Lara), Google.

BIBLIOGRAFÍA

Artigos varios de xornais como "La Voz, edición Lemos", "El País", "El Progreso" Exemplo: *Las minas de Freixo, el hierro que salía de Monforte para el III Reich* (La Voz de Galicia, edición Lemos)

jrcasan.com/Monforte/freixo/minas.htm.

Asociación Buxa 115 Minas de Freixo